

Informe sobre encaixe da actividade de almacenamento de enerxía eléctrica no uso previsto no artigo 35.1.m) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 19.09.2023 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2023/2558716) o escrito asinado polo alcalde do Concello de Lousame no que formula a seguinte consulta á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

"Conocer la interpretación que hace la Xunta Consultiva en Materia de Ordenación del Territorio y Urbanismo del apartado m) del artículo 35.1 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, según el cual en suelo rústico están permitidas "Instalaciones e infraestructuras hidráulicas, de telecomunicaciones, producción y transporte de energía, gas, abastecimiento de agua, saneamiento y gestión y tratamiento de residuos, siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los cuales discurren" al respecto de la instalación de baterías en las inmediaciones de una subestación eléctrica existente, y si este uso de almacenamiento eléctrico sería autorizable como uso complementario de la subestación eléctrica y/o de la red de transporte existentes o si por lo contrario sería un uso no previsto en suelo rústico y por lo tanto, se debería aplicar lo indicado en el artículo 35.2 de la Ley 2/2016: "Los restantes usos en suelo rústico son usos prohibidos."

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Lousame conta con Plan xeral de ordenación municipal (en adiante PXOM), aprobado definitivamente o 29.12.2004, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 10.01.2005, e a súa normativa publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* do 15.01.2005.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (no sucesivo, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece no seu apartado primeiro o seguinte:

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

“O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

[...] d) Ao solo rústico, aplicáraselle o disposto nesta lei para o solo rústico”.

En consecuencia, ao solo rústico do Concello de Lousame aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG).

TERCEIRA.- A consulta municipal ten por obxecto analizar a viabilidade da implantación en solo rústico ao abeiro do artigo 35.1.m) da LSG, dun proxecto de almacenamento de enerxía eléctrica mediante baterías de 49,9 MW, nas inmediacións dunha subestación eléctrica existente, co fin de almacenar enerxía eléctrica en momentos de excedente de produción e reintrodución na rede eléctrica existente en momentos de demanda eléctrica.

O artigo 35.1.m) da LSG contempla entre os usos e actividades admisibles no solo rústico, entre outros, as *“instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, públicas ou privadas, e sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren”*.

Á vista do establecido neste artigo, as instalacións de almacenamento de enerxía poden encadrarse no uso previsto no artigo 35.1.m) da LSG no suposto de que estean directamente vinculadas ou integradas no propio proceso de produción e transporte da enerxía almacenada, pero non no caso de que se destinen única e exclusivamente á actividade de almacenamento.

Respecto desta mesma cuestión cómpre remitirse ao informe acordado pola Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 31.10.2023 (Concello de Sanxenxo – Expediente XCP-23/054), e que pode consultarse na seguinte ligazón: <https://territoriourbanismo.xunta.gal/gl/xunta-consultiva/informes-instruccions-estudos/relacion-informes-publicados>

No presente caso, o concello manifesta que a implantación solicitada sería un uso complementario dunha subestación eléctrica existente, polo que haberá que estar ao disposto na normativa sectorial aplicable, concretamente á *Lei 24/2013, do 26 de setembro, do sector eléctrico*, para os efectos de determinar se a instalación de almacenamento de enerxía estaría neste caso integrada ou vinculada a instalacións e infraestruturas de produción e transporte de enerxía.

En todo caso e, á vista das afeccións sectoriais sinaladas polo concello, de conformidade co previsto no artigo 36.2 da LSG, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que ostente a competencia

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

sectorial correspondente por razón dos valores obxecto de protección con carácter previo á obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

CUARTA.- En todo caso, a actuación pretendida, dacordo co establecido na LSG debe ser obxecto do título habilitante municipal de natureza urbanística correspondente, sendo competencia exclusiva do concello a súa tramitación, de acordo co establecido no artigo 25.2. a) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local* e o artigo 12.1 da LSG.

En consecuencia, será o concello o que deberá valorar, á vista do proxecto e/ou documentación obrante no expediente municipal, se a actuación prevista e para a que se pretende obter o título habilitante de natureza urbanística que corresponda, pode ter encaixe na regulación contida na normativa urbanística vixente.

CONCLUSIÓN

1. O artigo 35.1.m) da LSG contempla entre os usos e actividades admisibles no solo rústico os de *"producción e transporte de enerxía"*, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

2. As instalacións para o almacenamento de enerxía unicamente poden encadrarse no uso previsto no artigo 35.1.m) da LSG, no suposto de que estean directamente vinculadas ou integradas no propio proceso de produción e transporte da enerxía almacenada, o que deberá determinarse, en cada caso, atendendo á normativa sectorial que puidera resultar de aplicación.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

